

Biografía

Primeira década

O luns 15 de xullo de 1957 producíase o nacemento dunha meniña na daquela chamada Residencia Sanitaria Juan Canalejo¹, sita no lugar das Xubias de Abaixo, ao sur da cidade da Coruña. Naquel intre comprendía un único edificio, o arestora hospital maternoinfantil Teresa Herrera, precisamente onde comezaron a nacer os bebés coruñeses da década dos cincuenta. O nome da naipele foi o de María Luisa Villalta Gómez.



Porta principal do hospital maternoinfantil Teresa Herrera, hoxe en día

Os pais, ambos os dous coruñeses, casaran novos; a nai primípara, M^a del Carmen Gómez Castro, era ama de casa mentres que o pai, Rafael Villalta Crespo (1933-2016), traballaba no sector bancario. Logo,

1 A primeira residencia sanitaria de España foi construída ao abeiro do Plan Nacional de Instituciones Sanitarias, e inaugurada por Franco en 1950, aínda que non comezou a funcionar até case un ano despois. En 1972 creouse un novo complexo de edificios, rebautilizándose como Ciudad Sanitaria Juan Canalejo; o nome pertencía ao dun militar e político falanxista da Coruña e hoxe, cumprida a Lei da Memoria Histórica de 2007, denomínase Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña (CHUAC). O nome actual do hospital maternoinfantil débese a unha filántropa coruñesa, creadora no século XVIII do primeiro hospital da cidade.

á primoxénita sucederíaa unha irmá, Susana. Practicamente a totalidade da familia tiña raíces na cidade e, pasado o tempo, á meniña ían influenciála en especial o avó paterno Luis e os tíos Luis e Joaquín; gran lector e dono dunha interesante biblioteca o primeiro, e fotógrafo o segundo. A través dun fragmento do poema *Habitar (cabeza)* do volume dedicado á cidade *En concreto* (2004), percíbese a breve descrición da familia:

Toda a miña xerazón, abano de cristal
cansada coma min no cansazo do pai cego
no cansazo do avó en silencio
e da nai rota de recoser as coplas aprendidas na saia da avoa

Tratábase pois dunha familia “cascarilleira” de clase media con raíces na cidade, se ben a infancia contra o final dos anos cincuenta e comezos dos sesenta, en plena ditadura, fora un período depauperado que a poeta lembraría, resumíndoo, nos seus almorzos e merendas coruñeses a base de cascarilla², creándose deste xeito unha profunda identificación co lugar natal, como se plasmou no poema *Espello (forza)*.

Lembro as tardes para aniquilar en que tranquilamente te vestías
ante o espello
aleccionándome como unha nai experta na perfección
mentres eu ría do sabor amargo da cascarilla e esperaba impaciente
que virases as costas para poder imitarte e destruírte metodicamente

A familia habitaba todo o nº 6, un pequeno edificio que constaba de baixo e dúas plantas, nunha das rúas pinas construídas sobre un outeiro situado na zona nova, urbanizado de xeito algo caótico a mediados dos anos 50 e axiña convertido nun barrio popular xunto co contiguo de



Domicilio familiar na rúa Vila de Laxe

2 Tratábase dunha lámina torrada extraída da semente do cacao, un sucedáneo do chocolate que, tomado con auga ou leite, serviu sobre todo de almorzo durante o racionamento da posguerra. Era moi común na Coruña debido ao seu porto, onde se desembarcaba moito cacao, e de aí derivou a creación de fábricas e chocolatarías, abundantes noutroira e que orixinaron o alcume popular dos habitantes.

Santa Lucía. No comezo do século a rúa fora chamada do Gurugú polos veciños que loitaran contra as tropas marroquís naquel monte de Melilla, pero oficialmente foi nomeada como Travesía da Falperra –así, no tempo en que Luísa naceu– e na actualidade como rúa Vila de Laxe³, a certa distancia da chamada Cidade Vella ou Cidade Alta⁴.

Porén, o conxunto monumental simboliza os novecentos anos de historia e pódese condensar no *Poema da Cidade Alta*, onde a autora se vai identificar dun xeito íntimo co lugar onde naceu, non en van lle dedicou un espazo destacado para pechar o poemario *En concreto*, que remata precisamente parafraseando o lema urbano “Moi nobre e moi leal cidade da Coruña, cabeza, garda e chave, forza e antemural do Reino de Galiza”.



Placa conmemorativa da Asociación de Escritoras en Lingua Galega

O meu nome é o da Cidade Alta
nacido onde a luz e o mar se están orixinando
mutuamente
nacín enfrente de min mesma
cando a Pescadería era un leito de sereas
e a serpe demorada na voz dos meus avós
vento dos ventos

Veño de aquí
unha historia de palabras
nas casas da cabeza e nos chanzos do corazón

- 3 No baixo do edificio onde a escritora habitou case toda a súa vida, a excepción duns poucos anos, a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) engadiu unha placa onde permanece escrita unha significativa mensaxe:

Nesta casa viviu e soñou a poeta
Luísa Villalta
aquí as súas mans modelaron
a lingua, os sons, o que habita
no outro lado da música, na poesía.

A Coruña, 28 de setembro de 2014
Asociación de Escritoras en Lingua Galega

- 4 Alí, preto do mar, moraban as clases altas e construíanse os mellores edificios; destacan a igrexa de Santiago e a colexiata de Santa María do Campo –ambas as dúas dos séculos XII-XIII-. Antigamente estaba rodeada por unha muralla na que se abrían catro portas: a de Ares, da Torre, de San Francisco e do Parrote; fóra quedaban a Pescaría, onde residían basicamente os mariñeiros, e a aldea de Santa Lucía.

palabras que son xente a murmurar de lonxe
desde Santa Lucía
épicas antigas de bailes no Gurugú
insultos pelexas e disparos
(...)

Forza, para que? se viver é tan doce
como a area do Orzán e deixar ir o sol polo monte San Pedro
Pero remar nas pegadas dos outros, uliscarnos no avance dos povos
repartir o dosel das tormentas gritándonos os nosos nomes de
abaixo?

Coñecín ventos suaves que nunca máis se daban detido
outra vez, sempre o vento dos ventos
rodeando este punto no mundo:
Cabeza, Garda, Chave, Forza e Antemural do reino renacido.



Vista panorámica coruñesa co Orzán e, á dereita, o monte de San Pedro

Os pais, que aspiraron sempre a unha boa educación para as fillas, escolleron unha escola privada e relixiosa. Secasí, ambas as irmás realizaron os estudos primarios nun colexio próximo rexentado por monxas católicas –as servas de San Xosé ou madres xosefinas–, o San Xosé, coñecido a nivel popular coma o colexio das Pepas. Sito no actual nº 80 da rúa Juan Flórez e hoxe desaparecido⁵, as freiras impartían clase só nos cursos ini-

5 As xosefinas chegaran á Coruña no ano 1916; este primeiro colexio foi pechado en 1983 para se trasladar a un segundo durante unha década e, finalmente, a un terceiro do barrio das Flores (1994-2014). Na actualidade, o colexio foi definitivamente clausurado e as monxas abandonaron a cidade.

ciais pois no Bacharelato había xa un profesorado especialista, na maior parte laico. Tras rematar a Educación Primaria, a pequena Luísa superou a proba do ingreso perante un tribunal, feito acontecido en xuño de 1967 no mesmo colexio San José, a piques de facer os dez anos.

Tras conseguir o aprobado, necesario para iniciar o estudo do Bacharelato, inscribiuse no daquela Instituto Nacional de Enseñanza Media Eusebio da Guarda⁶, un centro exclusivamente feminino situado na céntrica Praza de Pontevedra. Alí estudou inglés como idioma estranxeiro e a paixón polas linguas fíxoa decantarse, desde moi nova, pola opción de letras coas materias opcionais de latín e grego; admiradora da cultura clásica, este pouso subxaceu sempre na súa obra literaria. Xa inmersa no estudo do Bacharelato, que durou un sexenio, soubo compatibilizalo cos estudos musicais e no ano 1973 adquiriu o título de bacharel. Boa estudante, rematou esta etapa cursando o vello Curso de Orientación Universitaria, no que obtivo a cualificación de sobresaliente. Vixente aínda a ditadura franquista, tras o remate do COU tivo que realizar durante un trimestre do verán de 1974 o chamado Servizo Social, organizado pola delegación provincial da Sección Femenina del Movimiento.



O IESP Eusebio da Guarda, hoxe en día

6 A inauguración oficial deste centro educativo, o máis antigo da urbe, realizouse no curso académico 1890-1891. Foi sempre mixto até que a orde ministerial creou as seccións masculina e feminina, división consumada en 1947 coa edificación do Instituto Masculino. O Instituto de Educación Secundaria Plurilingüe Eusebio da Guarda retomou o seu carácter de mixto en 1986.

Adolescencia e mocidade

O pouso deste período fulcral da crianza e da adolescencia reflíctese na explícita declaración de amor pola cidade natal e marítima onde se criou, reproducida no longo texto *Norte (bóreas)*, de novo pertencente ao volume *En concreto*, do que se transcriben os versos finais:

Nada deixa o vento e nembargantes amo
esta Cidade tatuada na pétrea pel do mar
asulagada na sombra baixo a ardora de alfinetes intrigantes
regresada en corpo múltiplo e inerte arrastado pola rede anoitecida
e afogada das idades simultáneas
a tremulante nas incógnitas da auga
entretida entre os palitroques dos barcos
que chocallan sen nada novo que dicerse
E son eu amando algo de min depositado
na Cidade tatuada

–eu que non podó volver–
mentres o vento vén moi frío sobre o norte corazón tan cálido

No Colexio Universitario da Coruña cursou o primeiro ciclo de Filoloxía Hispánica durante un trienio –desde 1974–, que rematou con notables cualificacións. Un aspecto destacable no currículo escolar está constituído pola exención na materia de relixión durante o 2º e 3º cursos, así como a exención de educación política no 3º curso, reforzando a coherencia entre o librepensamento profesado e a coraxosa praxe nun tempo hostil. O segundo ciclo cursouno na Universidade de



S. d.



S. d.

Santiago de Compostela durante un quadrienio, onde escolleu a subsección de Filoloxía Galego-Portuguesa, finalizando esta licenciatura xunto coa de Filoloxía Hispánica no ano 1981. Neste plan de estudos ampliou o coñecemento dos idiomas co francés, estudado durante un bienio e logo complementado co alemán, realizado xa na Escola Oficial de Idiomas da Coruña, onde aprobou o primeiro curso en 1986. Os tempos universitarios de Compostela marcárona profundamente; alén diso, puido desenvolver a afección pola escrita, gañando o primeiro concurso literario e comezando a publicar; de feito, o conxunto dos *Sete haikus*, o seu primeiro texto de creación impreso, saíu no xornal local *El Correo Gallego* en 1985.



Fotografías escolares conservadas no Arquivo Histórico Universitario da USC (AHUS, F. U. Expedientes persoais / “Villalta Gómez, M^a Luísa”). Da esquerda á dereita, aos dezoito anos, no 2º curso da licenciatura (1976/1977), aos dezanove, no 3º curso e aos vinte e un, no 5º curso



Antiga Facultade de Filoloxía, na compostelá Praza de Mazarelos

Alén do devandito, na familia existía unha grande estima pola música; o pai, en particular, era un melómano. De ambos os dous proxenitores herdou a afección pola ópera; de feito, xa de moza, sempre se presentou á selección de figurantes para as óperas que se representaban na cidade. Consonte esta tradición, cursou estudos musicais na sede do primitivo Conservatorio de Música e Declamación da Coruña, situado na avenida Fernández Latorre, onde iniciou o estudo do solfexo aínda en plena infancia, con só oito anos e que realizaría no período 1965-1972. En 1966 comezou o estudo da guitarra, pronto abandonado para se decantar polo violín (1977-1985), no que obtivo a titulación do ensino profesional mais non a do ensino superior por ter deixado inconcluso o oitavo curso, sacrificado a prol da literatura. Con todo, nunca renunciou á progresión co instrumento, como testemuñou Francisco Pillado⁷ na derradeira visita de Luísa á súa casa:

Deume o poema manuscrito e comentoume que retomara –como me tiña prometido– o estudo do violino. (...) Non a vin nunca máis. (2007: 303)

Con só dezaseis anos decidiu que a vida tomase un novo rumbo de xeito ostensible, independizándose da familia e mudando en consecuencia o domicilio⁸. Máis tarde, na primavera de 1978 –un mércores dezanove de abril–, na daquela recente democracia española, quixo legalizar a sólida relación que mantiña mediante unha voda –oficiada nunha cerimonia civil– co noivo coruñés Paulino Martínez Pereiro (1957). Esta relación, nun principio dificultosa por ser ela era menor e precisar da autorización paterna para casar⁹, constituíu un éxito durante moitos anos pois co marido tiña moito en común, xa que compartía paixóns e mesmo profesión: el exerceu tamén como músico¹⁰, profesor nun instituto e escritor.

7 A paixón musical perdurou no tempo, manifestada nas inesquecibles veladas musicais e literarias demoradas durante tardes enteiras, na casa da familia Pillado en Oleiros, que reunían músicos e poetas: Xosé Manuel Beiras, Pilar Pallarés, Miguel Anxo Fernán Vello, Xulio L. Valcárcel e Xosé M^a Álvarez Cáccamo. Alí era costume tocar; alguén se encargaba do piano e ela do violín. Tamén sabía tocar o piano e na casa familiar da Falperra sempre tivo un.

8 Situado na rúa coruñesa Ricardo Labaca, nº 22, alí morou desde 1974 durante, polo menos, un bienio. En 1978 o matrimonio instalouse na casa da Falperra.

9 En España foi aprobada a maioría de idade aos dezaioito anos só uns meses despois, en novembro de 1978; anteriormente a lei estipulábaa nos vinte e un anos.

10 Titulado en frauta traveseira. Publicou obras en todos os xéneros literarios: ensaio, narrativa, poesía, teatro e tradución, obtendo varios premios.

En 1980 formou parte dun grupo de música folk, o cuarteto Escaino (“Muíño”), formado polos irmáns Paulino M. Pereiro e Luís M. Pereiro –encargados da frauta traveseira e do clarinete, respectivamente– xunto con Juan Fernán Bello –percusión–; con este grupo percorreu de maneira bohemia, durante os veráns, múltiples países europeos. Despois, como violinista logrou converterse nunha boa intérprete, o que lle permitiu acceder á Xove Orquestra de Galicia (OSG) desde o inicio que, dirixida por Xoán Trillo, realizou o concerto de presentación na primavera de 1988 en Vigo, aínda que tamén tocou noutros grupos galegos de música de cámara. Ademais, xunto co seu marido levou a cabo diversas colaboracións literarias e musicais. Nun principio ela enfocara o seu futuro profesional cara á música, para finalmente optar pola docencia, aínda que nunca quixo abandonar a música, que tanto marcou a vida e a obra literaria de seu.



Edificio da avenida Juan Fernández Latorre, onde antigamente estaba situado o Conservatorio de Música na Coruña

Á parte da sólida formación académica, a nivel persoal Luísa Villalta destacaba por algunhas cualidades inusuais, entre elas a preclara intelixencia, a integridade, a disciplina e a firmeza do seu ideario. Tamén pola profundidade, posto que aborrecía todo o superficial; de feito, mesmo o uso en van das palabras a contrariaba, nun compromiso absoluto coa Palabra, na forma e no contido. Profundamente intelectual, non gustaba tampouco da conversa intranscendente, pois o coñecemento constituía para ela unha especie de adicción e en consecuencia, lía moito e reflexionaba. Intrigada e apaixonada por todo canto a rodeaba, sabía ser ao mesmo tempo serena, posuíndo o don de escoitar as persoas; esta capacidade de escoita reflectiuna logo na poesía xunto co sentido do humor, manifestado a través dunha sutil ironía tanto na vida como nas obras literarias. Ademais, era unha persoa cálida, pero á vez intimista e reservada, cunha gran vontade de evolucionar; a lealdade que profesaba púxo a de relevo un dos maiores amigos, Francisco Pillado, que destacou tamén o seu inmenso vitalismo:

Axiña entablamos unha grande amizade, debido ás nosas coincidencias estéticas e políticas. (...) tanto Luísa como Paulino que sabían do meu estado anímico, foron, durante moito tempo, todos os sábados e os domingos até a miña casa en Oleiros. Luísa viña co seu violino, e logo de tomar un café, íamos onde estaba o piano, e tanto Noli coma eu, eramos os privilexiados espectadores daqueles inesquecíveis concertos que tanto me axudaban no plano anímico como no plano emocional. Luísa, a petición de Noli, finalizaba sempre os concertos interpretando as “Csardas” de Monti. (...) Era Luísa en estado puro: viña contenta, feliz, desbordante de alegría e con infinidade de proxectos e de ideas que estaba a realizar. (Luna 2007: 302)

Por outro lado, alcanzou algo difícil de conciliar, como foi a súa capacidade de introspección e soidade co activismo social, co compromiso literario e político co seu país, ao igual que o pensamento lóxico coa paixón vital. A liberdade no xeito de pensar e de vivir convertérona nunha muller empoderada, reflectíndose tamén isto nunha vestimenta anticonvencional, ora informal ora elegante –ás veces ía cuberta por uns rechamantes chapeus– e, nunha sociedade patriarcal que murmura unicamente sobre o atavío da muller, en ocasións foi vituperada. Sobre esta cuestión escribe en *Desperta do teu sono*, nunha imaxinaria recreación dunha mañá calquera na Coruña, cidade ás veces símbolo da identidade individual multiplicada na cidadanía e outras veces, reflectida nas emblemáticas galerías da Mariña, prisión de cristal:

Por outro lado, elexo tamén, e pospoño ou rexeito, aquelas xentes que me saen tan mal como unha suposición, xentes que non querría ter visto nen inventado, tan monstrosas e retortas nas palabras murmuradas con que me anuncian os horrores a que vou ser sometida durante todo un día na gaiola de vidro.

Porén, ao igual que na súa obra *As certezas de Ofelia*, a muller libre para decidir deus en pensar que

Non, señora, non me importa nada o que digan os demais. As voces dos outros non quero que me marquen o paso.

Sobre estas críticas das que ela era consciente e que quixo testemuñar, pois non deixaba de percibir como algunha xente reparaba na aparencia de xeito frívolo en detrimento da autenticidade, e sen nin sequera tentar comprender a mensaxe profunda, deixou, en fin, salientada a inmadurez no poema titulado precisamente *Roupa*, do que se reproduce o fragmento máis significativo:

A Cidade constantemente adolescente
pola mañá sen maquillar
repasa as miñas medidas
nas obras que todos os días comezan
nos autos de horizontes perpendiculares
na chuvia que tinxe a terra da cor do meu chapeu
para vestirme
coa roupa tentadora dos trinqués
cos ollos vacunos dos televisores
e dos viciños de cotidiano domingo
que non ven, que non poden ver, que nunca crerían que visen
como vou tan núa pola rúa

A década dos noventa

En Compostela gañou o que se convertería no seu galardón primixenio, pois participou no Primeiro Certame Literario da Facultade de Filoloxía co *Poema cíclico para soprano e cuarteto de corda* (1990), logo incluído na parte final do libro *Música reservada* (1991). Tanto o seu coñecemento das rúas da zona monumental, co culme no símbolo da catedral nunha Compostela nocturna e misteriosa, como a alta estima pola cidade, manifestounos nun precioso poema dedicado a tres amigos: Francisco Pillado, Noli Vega e Elena, a filla de ambos. O poema aparece na parte final do volume:

Andei por Santiago
pisando estrelas
na noite
que as ruas devolveron
con luces e clamores
secretos
na noite.

Andei por Compostela
coa pel das pedras orceladas,
a Rúa das Hortas
onde descansan os arcanos
na noite.

Ecos barrocos e fidalgos
tocaron os tambores
nas luces das xanelas:
Casas Reais e as grandes laxes
como balsas na corrente
cara adiante.

 Na noite, un cantigar de fontes
nas ruas embozadas
que espadan entre si:
Rua Nova e Rua do Vilar
como dous brazos amigos
que se apertan no Toural.

 Pisando estrelas subo as Pratarías,
Quintana arriba, paro e miro:
O ceu peneira os ecos das esquinas.
E a Berenguela, á alba, absorta aínda.

A colleita literaria da década dos noventa resultou abondo gorentosa e, así, comezouna gañando o primeiro premio na prosa: un accésit no Certame de Narracións Breves Modesto R. Figueiredo con *A taberna do holandés* (1990), que finalmente quedou inédito por decisión propia. Xa a finais da década, no ano 1996, actuou como oradora no acto de doazón da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, nun convenio acordado entre este intelectual e a Universidade da Coruña. A Biblioteca¹¹ consta dunha colección de carteis anunciadores de obras, fotografías, textos teatrais en galego e noutras linguas, así como de revistas e monografías especializadas en teatro e nas artes escénicas.

Por outro lado, o matrimonio contraído dúas décadas antes rematou, primeiro, cunha separación e, despois, cun divorcio de mutuo acordo legalizado o vinte e cinco de xuño de 1998. Unha sólida relación sentimental posterior, de case unha década, estableceuna con Daniel Calvete Suárez, compañeiro na militancia política no Bloque Nacionalista Galego e antigo alumno no instituto de Sada.

11 Na actualidade está a disposición dos investigadores, podéndose consultar no catálogo da USC.